



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E BANCO DE SABADELL, S.A. PARA IMPULSAR A COLABORACIÓN COA OFICINA ECONOMICA DE GALICIA EN PROXECTOS EMPRESARIAIS**

En Santiago e Compostela a 26 de marzo de 2025

**REUNIDOS**

Dunha parte, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), con NIF Q6550010J e domicilio no Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, actuando en calidade de Presidenta do organismo, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño.

E doutra parte, Pablo Gerardo Junceda Moreno, actuando en nome e representación de Banco Sabadell S.A., con NIF A-08000143, domicilio social en Plaça de Sant Roc, 20 – 08201 Sabadell, inscrito no Rexistro Mercantil de Barcelona no Tomo/I.R.U.S. 1000152932861, Folio 873, Folla B-1561, Inscripción 2896; en calidade de Director xeral de Sabadell Gallego e Director xeral Adxunto de Banco Sabadell, en virtude da escritura de apoderamento outorgada ante Notario de Sabadell, D. Javier Micó Giner, inscrita actualmente por traslado do domicilio social no Rexistro Mercantil de Alicante, no tomo 4070, Folio 1, Sección 8, folla A-156.980, inscrición 1<sup>a</sup>, facultades que declara vixentes.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas





## EXPOÑEN

**Primeiro.-** O Igape creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, de 22 de abril, e entre as súas funcións están a promoción, fomento e potenciación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais coma territoriais. Constituíndo, pois, un instrumento básico de actuación da administración autonómica galega para impulsar o desenvolvemento competitivo do noso sistema produtivo, promovendo actividades que contribúan á xeración de emprego en Galicia, e ao progreso económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Corresponde, pois, ao Igape a dinamización da economía de Galicia, impulsando a capacidade de innovación, a explotación das vantaxes propias e dos factores endóxeos, a atracción de inversións, a competitividade da economía e o conxunto de actuacións de asesoramento, promoción, información e apoio cara ao cumprimento dos seus obxectivos.

**Segundo.-** A Lei 10/23 de Medidas fiscais e administrativas crea a Oficina Económica de Galicia adscrita á consellería con competencias en economía, como punto de contacto centralizado e singular para as empresas e persoas emprendedoras e que supón a supresión de diversos órganos. A Oficina Económica é o órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e tramitación das iniciativas empresariais, así como do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais. A Oficina Económica constitúe o punto de contacto centralizado e singular da Xunta de Galicia para o asesoramento á empresa e ás persoas emprendedoras, así como para facilitar a posta en marcha das iniciativas empresariais, encargándose da coordinación coas demais consellerías que poidan ter competencia no ámbito empresarial e ás que, por razóns de especialidade, requíraselles a súa participación.

O Igape, integra dentro da súa estrutura a Oficina Económica de Galicia asumindo as funcións e competencias atribuídas por lei.

**Terceiro.-** Cómpre salientar o extraordinario potencial de que as entidades financeiras participen neses obxectivos dado a súa posición estratéxica nos mercados financeiros, o que





motivou ao IGAPE a explorar vías cara a colaboración con entidades. A tal efecto, e necesario destacar que este convenio de colaboración non confire ningún tipo de exclusiva a Banco Sabadell, e conseguintemente, o Igape poderá subscribir outros acordos de natureza análoga con calquera outra entidade bancaria.

**Cuarto.-** Banco Sabadell, pola súa parte é unha entidade financeira con proxección nacional e presenza no territorio de Galicia, cuxa finalidade básica é proveer aos seus clientes, de forma eficiente, de servizos financeiros, contribuíndo, desta forma, ao benestar económico, social e medioambiental. Entre os seus servizos financeiros, teñen especial relevancia os dirixidos a favorecer e facilitar ás pemes o acceso ao crédito, no seu máis amplo sentido, mediante a concesión de préstamos, créditos e outras operacións de financiación. A tal fin, o Banco Sabadell, dispón dunha ampla oferta de produtos e servizos financeiros que pon a dispor das consultas recibidas no Igape, en particular, na Oficina Económica de Galicia a Pemes, Autónomos/as, Empresas e emprendedores/as para abordar e financiar os seus proxectos. En concreto os produtos a dispor do Convenio son:

- ✓ Contas á vista para negocios, comercios, autónomos e empresas.
- ✓ Pólizas de Crédito
- ✓ Liñas de circulante (Desconto, Confirming, Factoring, Forfaiting)
- ✓ Liñas de Pagos On-line (LIPO)
- ✓ Medios de Pago , TPV's, servizo de pagos , PhoneSell
- ✓ Servizos de asesoramento e xestión e-commerce
- ✓ Seguros especializados de Comercio e Empresa
- ✓ Renting
- ✓ Leasing
- ✓ Préstamos
- ✓ Hipotecas
- ✓ Avais
- ✓ Anticipos de axudas e subvencións
- ✓ Liñas de COMEX

En particular, Banco Sabadell está disposto a prestar o seu apoio habilitando unha liña de financiamento, destinada aos proxectos empresariais, a iniciar ou xa existentes, cuxa



actividade se enmarque dentro dos criterios de financiamento do Banco, con condicións específicas para cada proxecto a financiar. As condicións que se aplicarán aos produtos e servizos detallados estarán de acordo ao espírito do Convenio e negociaranse en cada caso en función deas características da empresa. As operacións de financiamento formalizaranse, de ser o caso, mediante Pólizas intervidas ante Notario.

**Quinto.-** Que ambas partes recoñecen ás Pequenas e Medianas Empresas (PEMEs), aos/ás autónomos/as, ás Grandes empresas e aos/ás emprendedores/as de novos proxectos como pilares fundamentais do tecido económico galego. Estes axentes non só xogan un papel crucial na creación de riqueza e xeración de emprego, senón que tamén son esenciais para mellorar a calidade de vida das persoas e promover a sostibilidade medioambiental. Ademais, o seu desenvolvemento e fortalecemento son vitais para fixar poboación no ámbito rural, contribuíndo así á revitalización e dinamización destas áreas. O seu dinamismo e capacidade de adaptación convértenas en axentes esenciais para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

**Sexto.-** Que, co propósito de colaborar cos axentes empresariais, considérase axeitado deseñar e establecer acordos e convenios financeiros específicos, orientados a proporcionar un financiamento adecuado, flexible e accesible, que responda eficazmente ás diversas necesidades de cada un deles, facilitando así o seu desenvolvemento sostible, innovación e expansión no el mercado. Ademais, unha das súas finalidades debe ser contribuír especialmente ao desenvolvemento no ámbito rural, incentivando a creación e consolidación de emprego e actividade económica nestas zonas, o que permitirá un equilibrio territorial e unha mllora na calidade de vida dos seus habitantes, así como beneficiar a sectores estratéxicos pao emprendemento e as Startup, entre outros.

**Sétimo.-** Que ambas entidades comparten o interese no desenvolvemento empresarial e económico de Galicia, e, consecuentemente en seguir adoptando medidas de apoio as súas empresas, aproveitando as oportunidades de transformación que ofrecen tanto os produtos bancarios na súa concepción tradicional, como aqueles que supoñan a transformación dixital da súa actividade. Por isto, resulta especialmente necesario para as empresas, negocios e autónomos/as e emprendedores/as, establecidos na nosa Comunidade Autónoma, acceder a liñas de financiamento e servizos financeiros, que permitan tanto o seu desenvolvemento



empresarial, como o acceso a novos canles de venda, que ligados ás novas tecnoloxías, sexan de vital transcendencia para conseguir o obxectivo de incremento da competitividade da economía de Galicia. E na consecución da sostibilidade e o desenvolvemento das empresas ten especial importancia tanto a simplificación administrativa como a facilidade no acceso ao financiamento bancario.

De ahí, que o Igape, a través da Oficina Económica de Galicia estea interesada en que os axentes dinamizadores da economía galega podan dispoñer dunha liña especial de financiamento, en particular, para aqueles proxectos procedentes da Oficina Económica de Galicia, e un acceso claro, coordinado e prioritario aos mecanismos de presentación e estudo de la viabilidade das operacións ás entidades financeiras e neste caso en concreto aos de Banco Sabadell

Tendo en conta o anterior, conscientes da importancia de potenciar e reforzar actuacións de apoio do tecido empresarial e económico galego, as partes asinantes consideran de interese a sinatura deste convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto manifestar a vontade do Igape e Banco Sabadell en colaborar no desenvolvemento de accións para apoiar os proxectos, en especial os procedentes da Oficina Económica de Galicia destinados á pequenas e medianas empresas, grandes empresas, autónomos/as e/ou emprendedores/as, concretadas na habilitación dunha liña especial de financiamento axeitada ás súas necesidades.

Tendo en conta a posición estratéxica nos mercados financeiros das entidades financeiras resulta de especial transcendencia a súa participación neses obxectivos, polo que o IGAPE está a explorar vías cara a colaboración con diversas entidades. A tal efecto, cómpre salientar que





este convenio de colaboración non confire ningún tipo de exclusiva a Banco Sabadell, e conseguintemente, o Igape poderá subscribir outros acordos de natureza análoga con calquera outra entidade bancaria.

## **SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN**

En cumprimento do obxecto do convenio, Banco Sabadell pon a dispor dos axentes aludidos na cláusula primeira unha Liña de Financiamento de ata un límite de TRESCENTOS MILLÓNS DE EUROS (300.000.000 €), establecendo, conxuntamente co Igape, a través da Oficina Económica de Galicia, un circuíto de coordinación directa entre os Equipos de Riscos de ambas entidades.

Banco Sabadell comprométese a estudar cada operación presentada polo Igape e a comunicarlle o seu ditame en canto á súa concesión ou denegación, nun prazo non superior a 7 días hábiles dende a data de recepción da documentación debidamente cumprimentada.

As operacións catalogaranse polo importe de facturación dos solicitantes:

- Ata 2 millóns de euros de facturación: negocios, autónomos/as, comercios e Startups
- Entre 2 millóns de euros e 10 millóns de euros: Pemes
- Máis de 10 millóns de euros :Grandes Empresas

Non existe importe mínimo nin máximo nas operacións a considerar, e de ser o caso, que xurdira unha operación de importe sensiblemente elevado que puidera desvirtuar a filosofía do Convenio e/ou o límite da liña e sempre de mutuo acordo entre as partes, será obxecto de estudo sen afectar ao resto do límite.

Os equipos de Banco Sabadell, liderados pola Dirección de Riscos Territorial, xunto co Igape, manterán xuntanzas periódicas con carácter mensual co obxectivo de :

- a) Identificar as operacións a elevar a estudo de Riscos
- b) Analizar a evolución e canle de presentación das mesmas
- c) Coordinación e información sobre sectores estratéxicos





- d) Seguimento de operacións presentadas e evolución
- e) Anticipación de situacións que poidan ocasionar incidencias ás partes
- f) Identificación e propostas de anticipación para situacións empresariais con problemas de relevo xeracional
- g) Identificación de operacións de M&A potenciais relevantes
- h) Identificación de operacións con necesidade de crecemento de estrutura
- i) Compartir experiencias de éxito para proxectos similares
- j) Prioridade no estudo de proxectos de sectores identificados como estratéxicos: mar e industria, agroalimentario e Utilities.
- k) Prioridade no estudo de proxectos en zonas de especial atención, desfavorecidas ou do entorno rural.
- l) Para operacións de emprendemento e Startups, ponse a disposición do Convenio o servizo de Banco Sabadell BSTARTUP, programa especializado en empresas innovadoras, tecnolóxicas e dixitais. Así:
  - Participando do Programa BSTARUP 10, concurso que selecciona anualmente a 10 empresas nas que inviste 100.000 € tomando a cambio unha participación minoritaria
  - Oficina especializada en Galicia con circuíto de Riscos propio
  - Innovación colaborativa. Actuando como radar tanto para o Igame como para Banco Sabadell identificando oportunidades de investimento.

Dentro do compromiso de ambas entidades coa transparencia, a loita contra a fraude, a corrupción e o conflito de intereses, faise referencia á canle de denuncias autonómica (<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>) e ao Plan Específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do ente Instituto Galego de Promoción Económica -





Igape, que está dispoñible (tamén a través do portal de transparencia da Xunta <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/economia-industria/plan-antifraude-igape>).

E, no marco do cumprimento das necesarias medidas de control e vixilancia propias das operacións de financiamento, o Igape comunicará a Banco Sabadell con carácter inmediato a través da canle de denuncias específica que o Banco dispón a tal efecto (correo electrónico [canaldenuncias@GBS@bancsabadell.com](mailto:canaldenuncias@GBS@bancsabadell.com)), calquera dato ou información que poida indicar a comisión de actuacións punitivas con ocasión da execución deste convenio que afecte ou poda afectar a calquera das empresas do grupo Banco Sabadell e/ou ás persoas físicas relacionadas coas mesmas.

### **TERCEIRA.- FUNCIONAMENTO E CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DA OPERATIVA**

Para o estudo e información das operacións, o Igape e Banco Sabadell estudarán con profundidade e rigor cada operación. Sen que resulte imprescindible que a PEME, a empresa, o/a autónomo/a ou o /a emprendedor/a beneficiada do convenio, sexa cliente de Banco Sabadell á data da solicitude, garantindo así que todos os proxectos elixibles poidan acceder aos fondos, promovendo o crecemento e fortalecemento do tecido empresarial rexional.

A tal efecto o estudo e información das operacións realizarase en base á seguinte información a recabar:

- Documentación xustificativa da finalidade do préstamo.
- Balances e contas de explotación dos tres últimos exercicios, auditorías ou balances fiscais
- Estados financeiros provisionais do exercicio en curso (se o balance de peche ten unha antigüidade superior a 6 meses).
- Impostos: Imposto de Sociedades + IVA anual e IVA trimestral do ano en curso. ( E Imposto de Patrimonio / IRPF (para persoas físicas cando actúen como empresarios/as ou como garantes)
- Documento asinado autorizando a Banco Sabadell a solicitar informe á Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE)
- Pool bancario, con detalle de:





- tipo de produtos de risco en vigor con entidades : crédito, préstamos, etc
- capital inicial e pendente
- cotas e vencementos
- Acreditación da situación tributaria: cotas á Seguridade Social e á Facenda Pública
- Declaración de bens e obrigas (tamén solicitarase a persoas físicas que actúen como empresarios/as ou como garantes)
- Detalle de principais clientes e provedores. Mod. 347
- Organigrama do grupo (no caso de empresas con nivel de facturación superior a 6 millóns de € euros e que pertencen a un grupo de empresas).

#### **CUARTA. - VIXENCIA, MODIFICACIÓN, EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025, podendo prorrogarse por un ano máis por acordo unánime das partes debidamente formalizado, segundo o previsto no parágrafo seguinte.

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta, e se formalizará a través da subscripción da correspondente addenda.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución ou xustificación.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran





incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores de conformidade co previsto na lexislación vixente.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal se deberá realizar a súa liquidación.

#### **QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes do Igape e dous de Banco Sabadell.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na súa aplicación.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección 3ª, do capítulo I do título I (artigos 14 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.





## **SEXTA.- PUBLICIDADE E DIFUSIÓN**

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e relevantes e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Ambas as dúas partes, poderán establecer accións conxuntas para reforzar este Convenio mediante diversas fórmulas, como a:

- ❖ Colaboración en publicacións que permitan mellorar a información sobre o Igape e, particular, sobre o papel da Oficina Económica de Galicia, as súas actividades e fins.
- ❖ Realización conxunta de actividades como foros, seminarios, conferencias e similares.
- ❖ Colaboración en aquelas actividades promovidas polo Igape, especialmente as orientadas á promoción e desenvolvemento da Oficina Económica de Galicia.

## **SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas na súa execución e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga á Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Ademáis, as partes asinantes conveñen especificamente en atribuírle carácter de confidencial a tanta información, datos e documentación que mutuamente se proporcionen en desenvolvemento e execución do Convenio.

Para o cumprimento e desenvolvemento do Convenio, as partes asinantes poderán intercambiar datos de carácter persoal dos beneficiarios das formas que nel se establecen. No desenvolvemento destas comunicacións de datos, as partes revestirán a figura de



responsables do tratamento, séndoo para cada unha das súas respectivas finalidades e funcións.

#### **OITAVA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, e, en todo o non previsto nel especificamente aplicarase o previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bó goberno e o Decreto 126/2006 do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo que se regulan os convenios do sector público; e, no que resulte de aplicación o establecido no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Non obstante, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento quedarán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa, con sometemento expreso aos Xulgados e Tribunais de Galicia.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este documento por duplicado exemplar, na data e lugar *ut supra*.

Polo Igape,

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza

Por Banco Sabadell,

Pablo Gerardo Junceda Moreno

